

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN INTEGRAL DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Exp. núm.: 2023001036

A presente Memoria emítese en referencia e complemento ao establecido na providencia de inicio do expediente do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais que consta no expediente con (CSV) JSGWF2RJMK1ZGNoE

1. Servizo solicitante:

Infraestruturas e Vías Provinciais

2. Necesidade e idoneidade do contrato:

De acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

O artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Na actualidade, unha parte da conservación e mantemento da rede de estradas da Deputación de Pontevedra lévase a cabo por medio de persoal funcionario e laboral con medios da propia Deputación, o que propicia en certas ocasións algunhas deficiencias no servizo debido á insuficiencia na actual dotación de medios, o incremento das necesidades das estradas e a maior demanda do usuario en canto ás prestacións que deben reunir este tipo de infraestruturas.

Nos últimos anos, dado que a dotación orzamentaria de medios humanos non cubría as necesidades de conservación nas estradas provinciais, a Deputación de Pontevedra decide iniciar unha transformación do servizo de conservación e mantemento das estradas provinciais, optando por contratos de apoio á conservación e mantemento que permitan resolver os problemas de flexibilidade e falta de recursos e buscar unha maior especialización.

Dado que os medios propios son cada vez máis insuficientes para as necesidades requiridas, faise necesario contratar un servizo de conservación integral da rede viaria, que se dividirá en tres lotes, un por cada zona na que se atopa dividida a rede de estradas a efectos de conservación e mantemento, norte, centro e sur.

A Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que ten que acudir a contratación externa.

3. Obxecto do contrato:

Réxime xurídico:

Lei 9/17, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

ADMINISTRATIVO

ADMINISTRATIVO ESPECIAL

PRIVADO



Tipo:	<p>Comezaremos sinalando que o art. 13 da Leig/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), define o contrato de obras como “aqueles que teñen por obxecto a realización de unha obra ou a execución de algúns dos traballos enumerados no Anexo I, ou a realización por calquera medio de unha obra que responda as necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, co contrato poderá comprender, no seu caso a redacción do correspondente proxecto. Por obra entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñería civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica que teña por obxecto un ben inmovible”.</p> <p>A definición do contrato de obras, ademais do disposto neste precepto, complétase ca enumeración dos traballos que aparecen no Anexo I da mesma LCSP, nos que se relacionan diversas actividades clasificadas en función do seu correspondente CPV. En dita relación non figuran os traballos de conservación e mantemento.</p> <p>O contrato de obras é un contrato “de resultado”, no que se persigue un resultado concreto e determinado, independentemente do tempo da súa duración, no cal exíxese a entrega total da prestación pactada. Neste senso, o Dictame do Consello de Estado 3687/1998, de 28 de xaneiro de 1999, pronúnciase nestes termos: “Os contratos administrativos de obras concíbense como negocios “de resultado”. Elo comporta a indivisibilidade xurídica de aqueles e das obras que teñen por obxecto, de tal sorte que non poden ser cumpridos polo contratista de forma sucesiva e si só total (mediante a realización e entrega das obras na súa integridade), nin a Administración queda obrigada ó pago senón a partir de dita entrega. Polo tanto, o cumprimento do contrato polo adxudicatario require a entrega da obra de conformidade co pactado, para cuxa comprobación serven os actos de recepción (...). O feito de que os documentos prevén unha divisibilidade do obxecto a presta a conservación a toda a rede provincial, a inexistencia da entrega de unha única obra, a duración do contrato de 2 anos, e que non se recolla a conservación e mantemento de obras no anexo I, fai necesario explorar outros contratos típicos.</p> <p>Fronte o contrato de obras, plantéxase a cuestión de si cabería outra posible cualificación como contrato de servizos. O contrato de servizos defínese dentro do artigo 17 da LCSP, no que se establece que “son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto de unha obra ou subministro, incluíndo aqueles no que o adxudicatario se oblique a executar o servizo de forma sucesiva e polo prezo unitario”.</p> <p>Chegados a este punto, podemos distinguir entre varios elementos que permiten distinguir o contrato de obras do contrato de servizos. Na súa finalidade, xa que o contrato de obras é un contrato de resultado, a diferenza do contrato de servizos no que se persegue o cumprimento de unha actividade continua ou de unha serie de actividades concatenadas. Os traballos de conservación e mantemento preténdense contratar de forma continuada durante un período de 2 anos, isto é, durante todo o prazo de duración do contrato, tendo por obxecto as estradas da Rede Provincial de Pontevedra. Isto fai que a duración sexa un elemento fundamental do contrato, hasta o punto de que aparece entrelazado coa actividade ou actividades que se realicen, o que se manifesta na necesidade de que o contrato de servizos presente unha duración tasada pola Lei, algo que non se da no contrato de obras, no que a súa duración depende da execución, entendida como terminación, da obra. O contrato de obras é un contrato de tracto único, posto que a prestación que ten por obxecto esgótase coa execución, mentres que o de servizos, é de tracto sucesivo. Poñendo ambos contratos en relación, a distinción entre ambas figuras contractuais, nun principio, non parece plantexar problemas, se temos en contra que o contrato de obras execútase sobre un ben inmovible, mentres que o contrato de servizos é o que ten por obxecto o desenvolvemento de unha determinada actividade no tempo. Con base nesta primeira aproximación, poderíase pensar que a distinción entre ambos atópase no feito de que o contrato de obras é un contrato “de resultado”, no que se persigue un resultado concreto e determinado, independentemente do tempo da súa duración, mentres que o contrato de servizos, atende á súa duración, como xa</p>
--------------	---



	<p>se comentou, no que se persigue o cumprimento de unha determinada actividade durante un período de tempo. Observamos, pois, que neste contrato, a diferenza dos que sucede nos – verdadeiros- contratos de obras, o seu obxecto non está definido, nin aparecen determinados con precisión –o a lo menos, coa precisión que requiren as obras- as exigencias técnicas do mesmo, e polo tanto, tampouco existe un volume ou cantidade fixa do susodito obxecto- como si que sucede nos auténticos contratos de obras-, senon que –a lo sumo e non para todas as prestacións obxecto do contrato- unicamente figura un quantum indeterminado a priori, ou unhas medicións meramente orientativas. Noutras palabras, non se aprecia no obxecto deste contrato obra algunha de índole concreta e determinada (contrato de resultado) que deba cumprirse en único acto (contrato de tracto único), senón, mais ben a definición dunha serie de actividades, ou medios (contrato de medios ou de actividade) que deben executarse de forma continuada no tempo, lográndose un resultado plural ó longo do tempo de duración do contrato (contrato de tracto sucesivo). Tampouco atopamos as actuacións preparatorias típicas do contrato de obras require, como requisito sui generis, da previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que defina con precisión o obxecto do contrato. Nun caso similar dun contrato de conservación ordinaria e reparación do firme da Rede Provincial de Estradas da Deputación de Zamora, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no seu informe 28/13 calificouno como contrato de servizos.</p> <p>Son características destes contratos de servizos: a) A existencia dun orzamento máximo, así como a determinación do prezo unitario por prestación. B) A necesidade de contemplar a posibilidade de modificar o contrato, para atender a un maior número de prestacións, cando as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente. C) A obriga de tramitar a modificación antes de que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado. D) A reserva de crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades. Nos acordos marco non existiría un orzamento máximo, nin un contrato en si mesmo, polo que non habería necesidade de realizar modificados para o aumento do crédito. A diferenza do acordo marco neste contrato xa existe unha actuación programada anualmente, e unha cantidade estimada para atender as incidencias que se poidan suscitar para atender ás cuestións incidentales non previstas no capítulo I, actuacións programadas anualmente.</p>												
<p>Regulación harmonizada:</p>	<p><input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON</p>												
<p>Obxecto e contido:</p>	<p>Traballos e servizos para execución dun modelo de xestión da conservación que permita diagnosticar, planificar e actuar de forma sistemática ante calquera tipo de tarefa, intervención ou operación, partindo dunha dotación de recursos e medios adecuada para abordar os distintos traballos, con persoal de experiencia contrastada e recursos (maquinaria, materiais, medios de transporte...) específicos para manter en mellores condicións a rede de estradas para conservar.</p>												
<p>Lotes: SI</p>	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Número</th> <th>Denominación</th> <th>CPV</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Lote nº1</td> <td>Norte (Zonas 3,7 y 9)</td> <td>50230000- Servizos de reparación, mantemento e Servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos</td> </tr> <tr> <td>Lote nº2</td> <td>Centro (Zonas 1,2 y 4)</td> <td>50230000- Servizos de reparación, mantemento e Servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos</td> </tr> <tr> <td>Lote nº3</td> <td>Sur (Zonas 5 e 8)</td> <td>50230000- Servizos de reparación, mantemento e Servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos</td> </tr> </tbody> </table>	Número	Denominación	CPV	Lote nº1	Norte (Zonas 3,7 y 9)	50230000- Servizos de reparación, mantemento e Servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos	Lote nº2	Centro (Zonas 1,2 y 4)	50230000- Servizos de reparación, mantemento e Servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos	Lote nº3	Sur (Zonas 5 e 8)	50230000- Servizos de reparación, mantemento e Servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos
Número	Denominación	CPV											
Lote nº1	Norte (Zonas 3,7 y 9)	50230000- Servizos de reparación, mantemento e Servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos											
Lote nº2	Centro (Zonas 1,2 y 4)	50230000- Servizos de reparación, mantemento e Servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos											
Lote nº3	Sur (Zonas 5 e 8)	50230000- Servizos de reparación, mantemento e Servizos asociados relacionados con estradas e outros equipos											



	<p>Según informa o Servizo de Infraestructuras (CSV: VN4HCVX2WRARIL6B), nestes novos contratos integrais, para poder obter unha maior calidade no servizo de conservación e mantemento das estradas, imprescindible para atender ás cada vez maiores demandas dos distintos usuarios da vía, é necesaria unha maior especialización das empresas concesionarias. Esta especialización e mellora no servizo obténse cunha xestión conxunta nun único contrato respecto ós 3 tipos de contratos anteriores (2 de servizos e un de subministro), pasando así de 9 contratos a 3, o cal garante unha maior solvencia e especialización das adxudicatarias, unha maior e máis adecuada dotación de medios adscritos ó contrato e unha mellora na xestión por parte do director do contrato. A actual subdivisión en 3 tipos de contratos dificulta dende un punto de vista técnico a xestión da Administración e a coordinación e organización das diferentes actividades a acometer, de maneira análoga a se nun proxecto de obras de mellora dunha estrada deste Servizo, se subdividise en lotes e adxudicatarios diferentes o movemento de terras, a execución das canalizacións, o asfaltado e a sinalización da estrada, aumentaríase a concurrencia pero a xestión sería moito máis complexa.</p>	
	Limitacións	<p>Número máximo de lotes aos que cada licitadora ou licitador pode presentar oferta: 3</p> <p>Número máximo de lotes que poden adxudicarse a cada licitadora ou licitador: cada licitador só poderá ser adxudicatario dun lote</p>
Admisión de variantes:	<input type="checkbox"/> SI, estableceranse no prego. <input checked="" type="checkbox"/> NON	

XUSTIFICACION UN SOLO OPERADOR ECONOMICO POR LOTE: O considerando nº 79 da actual Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se deroga a Directiva 2004/18/CE sinala que: "...cando os contratos estean divididos en lotes, os poderes adxudicadores deberán estar autorizados para limitar o número de lotes ós que un operador económico poida licitar, por exemplo, con fin de preservar a competencia e garantir a fiabilidade do subministro. Tamén deben estar autorizados a limitar o número de lotes que poida adxudicarse a cada licitador...". Así mesmo, noso actual texto legislativo, LCSP 9/2017 recolle esta directriz no seu preámbulo: "...Ademais das anteriores, atópanse aquí como medidas de apoio ás PYMES (...) unha nova regulación da división en lotes dos contratos (invertíndose a regra xeral que se utilizaba ata o de agora, debendo xustificarse agora no expediente a non división do contrato en lotes, o que facilitará o acceso a contratación pública e un maior número de empresas (...)).

Este contrato de Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra, ten unha dimensión económica importante, e consideramos que é necesario reducir os requisitos de solvencia e a complexidade de execución, coa división de lotes por zonas xeográficas, favorecendo directamente o acceso ás PYMES.

Sen embargo, non resulta suficiente a simple división en lotes permitindo a posibilidade de unha licitación máis diversificada, posto que esta non asegura fehacientemente o obxectivo perseguido xa que, na práctica, se un licitador con grandes medios (materiais, profesionais e capacidade financeira) decidira presentarse a todos os lotes é moi probable que lograra unha concentración de lotes adxudicados ó seu favor.

Por este motivo, propónse limitar que un mesmo operador económico poida ser adxudicatario de máis dun lote, coa finalidade de favorecer o reparto do Mercado, e., en definitiva, lograr a diversificación en varios contratistas que, de non ser así, non terían oportunidades de participación directa, recluíndoas a escenarios de subcontratación; con todo elo ademais a quen estamos beneficiando en última instancia é á propia Administración.



4. Duración

PRAZO DE EXECUCIÓN PRAZO DE DURACIÓN

O contrato terá unha vixencia de CATRO (4) ANOS a contar dende a data de formalización

Prórroga/s: SI NON Número:1 Duración: UN ANO

5. Orzamento base de licitación:

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 38.872.120,59 euros, que se adecúa aos prezos do mercado, e desagrega conforme ao seguinte detalle:

GRUPO I (Mantemento, vixilancia, atención a incidencias e emerxencias e vialidade invernal mais unidade de mensuralidade de operario de oficial de segunda adicional durante o período de vialidade invernal)			
	Lote 1	Lote 2	Lote 3
Medios humanos	531.998,00 €	531.998,00 €	534.859,78 €
Medios humanos (oficial 2ª adicional)	26.304,54 €	13.152,24 €	13.152,23 €
Medios de transporte	30.983,67 €	30.983,67 €	30.983,67 €
Ferramentas	1.250,37 €	1.250,37 €	1.250,37 €
Maquinaria	92.516,18 €	90.516,18 €	90.516,18 €
Materiais	10.318,75 €	10.318,75 €	10.318,75 €
Custos indirectos (6% dos custos directos)	41.602,29 €	40.693,15 €	40.864,86 €
TOTAL CUSTO ANUAL GRUPO I	734.973,80 €	718.912,36 €	721.945,84 €
GRUPO II Subministro e operacións complementarias (materiais e operacións que precisen o emprego de maquinaria e medios auxiliares adicionais)			
	Lote 1	Lote 2	Lote 3
TOTAL CUSTO ANUAL GRUPO II	90.580,35 €	77.439,07 €	104.526,03 €
GRUPO III. Operacións programables			
	Lote 1	Lote 2	Lote 3
TOTAL CUSTO ANUAL GRUPO III	1.498.679,59 €	1.343.366,46 €	1.201.077,18 €
GRUPO IV. Subministro de materiais e maquinaria para provisión a medios propios da Deputación			
	Lote 1	Lote 2	Lote 3
TOTAL CUSTO ANUAL GRUPO IV	47.327,58 €	74.448,25 €	22.734,00 €
GRUPO V (Xestión de residuos)			
	Lote 1	Lote 2	Lote 3
TOTAL CUSTO ANUAL GRUPO V	22.734,00 €	22.734,00 €	22.540,75 €
GRUPO VI (Informe Xeral de riscos)			
	Lote 1	Lote 2	Lote 3
TOTAL CUSTO ANUAL GRUPO VI	22.540,75 €	22.540,75 €	
Total custos directos anuais	2.416.836,07 €	2.259.440,88 €	2.072.823,79 €
Outros eventuais gastos anuais:			



a) Gastos xerais (13% dos costes directos)	314.188,69 €	293.727,31 €	269.467,09 €
b) Beneficio industrial (6% dos costes directos e indirectos):	145.010,16 €	135.566,45 €	124.369,43 €
Orzamento base de licitación anual (sen IVE)	2.876.034,92 €	2.688.734,65 €	2.466.660,31 €
IVE (21 %)	603.967,33 €	564.634,28 €	517.998,66 €
Orzamento base licitación anual (con IVE)	3.480.002,25 €	3.253.368,92 €	2.984.658,97 €
Orzamento Base licitación total (4 ANOS)	13.920.009,00 €	13.013.475,68 €	11.938.635,90 €
TOTAL	38.872.120,58 €		

6. Valor estimado:

(importe total, sen IVE, estimado como pagadoiro)

Todos os conceptos que o integran atópanse recollidos no proxecto

	Lote 1	Lote 2	Lote 3	TOTAL
1. Orzamento base de licitación sen IVE:	11.504.139,67 €	10.754.938,59 €	9.866.641,23 €	32.125.719,50 €
2. Modificacións (sen IVE):				
a) Modificacións á alza previstas:				
b) 10 % exceso de medicións/variacións do número de unidades:				
3. Primas ou pagamentos ás/aos licitadoras/es (sen IVE):				
4. Eventual prórroga (sen IVE para un ano):	2.876.034,92 €	2.688.734,65 €	2.466.660,31 €	8.031.429,87 €
TOTAL VALOR ESTIMADO	14.380.174,59 €	13.443.673,24 €	12.333.301,54 €	40.157.149,37 €

7. Prezo:

a. Sistema de determinación:

As operacións do GRUPO I (Mantemento, vixilancia, atención a incidencias e emerxencias e vialidade invernal), excepto os materiais e operacións que precisen de emprego de maquinaria ou medios auxiliares adicionais, V (Xestión de Residuos) e VI (Informe Xeral de Riscos) determinanse a tanto alzada segundo a xustificacións recollidas no PPT.

O resto de operacións do Grupos II, III e IV determínanse segundo prezos unitarios, recollidos no cadro de prezos do PPT.

Os custos horarios das categorías profesionais correspondentes á man de obra directa que intervén nos equipos de persoal que executan as unidades de obra, avalíáronse tendo en conta as disposicións oficiais vixentes ó respecto no Convenio Colectivo da Construción para os anos 2022 a 2023.

Á hora de estimar o custo de cada máquina tivéronse en conta os custos de amortización, mantemento, consumo, seguros etc.

Os custos dos materiais obtivéronse das informacións dos subministradores da zona.



Os prezos referentes ó transporte, ferramentas, maquinaria e materiais calculáronse tras un estudio dos prezos habituais de mercado. Non se produce o desglose do custo dos salarios destes prezos unitarios, xa que se adquire e paga o produto final. (TACGAL resolución número 65/20).

b. Revisión:

SI NON

c. Pago:

TOTAL PARCIAL MEDIANTE ABONOS A CONTA NOS VENCEMENTOS ESTIPULADOS

- **GRUPO I:** As operacións do GRUPO I (Mantemento, vixilancia, atención a incidencias e emerxencias e vialidade invernal), quedarán aboadas por medio dunha partida alzada de abono íntegro MENSUAL, non dando lugar a medición nin abono por separado de unidades de obra realmente executadas.
- Inclúese unha unidade de mensuralidade de operarios (oficial de 2ª) adicionais durante 4 o período invernal.

A cantidade mensual IVE incluído a aboar é a seguinte:

GRUPO I	
LOTE 1	48.716,12 €
LOTE 2	47.095,74 €
LOTE 3	47.457,78 €

Os costes derivados da xestión de todos os produtos de demolición ou desfeito, excedentes de obra de calquera natureza, restos vexetais, canon de vertido... en cumprimento da normativa vixente, están incluídos no abono do GRUPO IV (Xestión de Residuos).

- **GRUPO II:** Os costes derivados da execución das operacións do GRUPO II (Suministro e operacións complementarias" consideraranse incluídos na partida alzada de abono íntegro xa definida no GRUPO I, ó realizarse con medios propios, a excepción dos materiais e outras operacións que precisen o emprego de maquinaria ou medios auxiliares adicionais, que serán obxecto de abono independente segundo as unidades incluídas no capítulo de "unidade de obra", concretamente nas que se exclúe a mano de obra, no que se detallan as condicións de execución de cada unha delas e atendendo ós prezos do Cadro de Prezos nº1.

Os costes derivados da xestión de todos os produtos de demolición ou desfeito, excedentes de obra de calquera natureza, restos vexetais, canon de vertido... en cumprimento da normativa vixente, están incluídos no abono do GRUPO IV (Xestión de Residuos).

- **GRUPO III:** Para o abono das operacións do GRUPO III (Operacións programables), empregaranse as unidades incluídas no capítulo de "unidade de obra" no que se detallan as condicións de execución de cada unha delas e atendendo ós prezos do Cadro de Prezos nº1.

Os costes derivados da xestión de todos os produtos de demolición ou desfeito, excedentes de obra de calquera natureza, restos vexetais, canon de vertido... en cumprimento da normativa vixente, están incluídos no abono do GRUPO IV (Xestión de Residuos).



GRUPO IV: Os costes derivados dos subministros previstos no GRUPO IV (Subministro de Materiais e Maquinaria para Provisión a Medios Propios da Deputación) serán obxecto de abono segundo as unidades incluídas no Cadro de Prezos nº1 e atendendo as especificacións contidas no PPT.

- **GRUPO V:** O abono das operacións do GRUPO V (Xestión de residuos), realizarase segundo o grado de execución do contrato, porcentaxe que lle será aplicable á unidade do Cadro de Prezos nº1 e que está determinada a tanto alzada segundo a xustificacións recollidas no PPT. Ese prezo inclúe o tratamento integral dos residuos dende a súa xeración, incluíndo todos os traballos necesarios ata o cumprimento de todos os requirimentos establecidos no Real Decreto 105/2008 e o resto de normativas aplicables vixentes.
- **GRUPO VI.** O abono das operacións do GRUPO VI (Informe Xeral de Riscos), realizarase segundo o grado de execución do contrato, porcentaxe que lle será aplicable á unidade do Cadro de Prezos nº1 e que está determinada a tanto alzada segundo a xustificacións recollidas no PPT.

A dirección de obra realizará mensualmente a medición das unidades dos traballos executados recollidos no prego de prescricións técnicas, e redactará unha relación valorada ao orixe. Ao resultado da valoración, obtido do xeito indicado no parágrafo anterior, engadiranse as porcentaxes adoptadas para formar o orzamento base de licitación (gastos xerais e beneficio industrial).

Este importe multiplicarase polo coeficiente da baixa de adxudicación obtendo así a relación valorada mensual, sobre a que se expedirá a correspondente certificación das unidades executadas.

Relativa a dita certificación emitirase a correspondente factura mensual.

8. Procedemento:

- a. **Tramitación:** ANTICIPADA ORDINARIA URXENTE* DE EMERXENCIA

* Nota importante: De conformidade co establecido no artigo 119 LCSP, no caso de tramitación urxente, os prazos establecidos nesta Lei para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse a metade, coas salvidades sinaladas en dito artigo. O prazo de inicio da execución do contrato non poderá exceder dun mes, contado desde a súa formalización.

b. **Xustificación da urxencia ou emerxencia:**

- NON PROCEDE.

c. **Órgano competente:**

- PRESIDENTA*

*Competencia delegada no DEPUTADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA, E ORAL (Resolución Presidencial núm. 2019014186, de 1 de agosto do 2019, de delegación das atribucións da Presidencia, modificada mediante Resolución Presidencial número 2020003407, de 27 de maio de 2020).

XUNTA DE GOBERNO (Base núm.16.2 das Bases de Execución do Orzamento 2022, de delegación das competencias da Presidencia).

- PLENO.

d. **Procedemento de adxudicación:**



- ABERTO
- ABERTO SIMPLIFICADO
- ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (Art. 159.6 LCSP)
- RESTRINXIDO
- LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN
- NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE
- DIÁLOGO COMPETITIVO
- ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN

e. Xustificación da elección do procedemento de adxudicación:

Co obxecto de promover a celeridade e obxectividade nos procedementos, optarase, como regra xeral, polo procedemento máis áxil permitido legalmente, sendo, neste caso, o seguinte:

- Procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.
- Concorrenza das condicións do artigo 159.1 LCSP.
- Concorrenza das condicións do artigo 159.6 LCSP.
- Suposto do artigo 167 LCSP.
- Suposto do artigo 168 LCSP.
- Suposto do artigo 177 LCSP.

Xustificación: Maior axilidade. Solicitado polo Servizo Xestor.

g. Criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira.

Nota importante: Aínda que non é obrigatoria a clasificación, a solvencia económico-financieira, quedará acreditada se a empresa posúe a seguinte clasificación:

- Lote nº1: Clasificación: Grupo O (Servicios de Conservación e Mantemento de Bens Inmóbeis) Subgrupo 2 (Conservación e mantemento de estradas, pistas autopistas, autovías, calzadas e vías férreas). (Categoría 5 (cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 1.200.000 €).
- Lote nº2: Clasificación: Grupo O (Servicios de Conservación e Mantemento de Bens Inmóbeis) Subgrupo 2 (Conservación e mantemento de estradas, pistas autopistas, autovías, calzadas e vías férreas). (Categoría 5 (cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 1.200.000 €).
- Lote nº3: Clasificación: Grupo O (Servicios de Conservación e Mantemento de Bens Inmóbeis) Subgrupo 2 (Conservación e mantemento de estradas, pistas autopistas, autovías, calzadas e vías férreas). (Categoría 5 (cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 1.200.000 €).

De non ter a clasificación, os medios para acreditar a solvencia económica e financeira e técnica ou profesional poderanse realizar mediante a achega dos documentos que a Lei establece entre os previstos nos artigos 87 a 91 LCSP:

1. Criterio de solvencia económico-financieira:

- a) Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior ás contías que se establecen no prego, tendo como requisito o criterio recollido no artigo 87.3 da LCSP.



A acreditación deste requisito realizarase como regra xeral mediante un certificado de importe neto da cifra de negocios expedido pola AEAT, ou coa aportación do resume da declaración do IVE presentada en Facenda (modelo 390).

Cando o licitador/a sexa unha entidade que non estea obrigada a realizar declaración do IVE, eses porcentaxe deberá reflectirse por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Determinación: Se contempla no art. 87 da LCSP. O volume de negocios esixido é menor que o previsto por este artigo para o caso de non preverse a acreditación da solvencia nos pregos (que sería unha vez e media o valor estimado anual). Enténdese suficiente dado o importante importe do contrato.

Nota aclaratoria lotes: *No caso de que unha empresa resulte proposta para a adxudicación de varios lotes, para acreditar esta solvencia en todos, atenderase ao valor anual medio do lote de maior importe. No caso de que non cumpra o umbral esixido para dito lote, comprobarase se cumpre o requisito de solvencia para os demais, atendendo ao valor anual medio do seguinte lote de maior importe, e así sucesivamente.*

2. Criterio de solvencia técnica ou profesional:

Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución. Estes certificados indicarán o importe, a datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao establecido no prego de cláusulas administrativas, tendo como requisito o criterio recollido no artigo 87.3 da LCSP.

A empresa proposta como adxudicataria haberá de xustificar os servicios ou traballos alegados mediante certificados de boa execución expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización de la prestación; no seu caso, estes certificados poderá ser comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Nota aclaratoria: Para o cómputo dos tres últimos anos, considerarase como data de inicio ou "dies ad quo" o mesmo día e mes que o da data final do prazo de presentación de ofertas.

Nota aclaratoria lotes: No caso de que unha empresa resulte proposta para a adxudicación de varios lotes, para acreditar esta solvencia en todos, atenderase ao valor estimado/anualidade media do lote de maior importe. No caso de que non cumpra o umbral esixido para dito lote, comprobarase se cumpre o requisito de solvencia para os demais, atendendo ao valor estimado/anualidade media do seguinte lote de maior importe, e así sucesivamente.

(Non se establece a previsión do art. 90.4 LCSP respecto das empresas de nova creación, ao tratarse un contrato SARA)

Coa solvencia seleccionada preténdese asegurar a capacidade da empresa contratista para facer fronte ás obrigacións que poda contraer, e garantir que dispón dos medios materiais, persoal, cualificación, coñecementos, fiabilidade e experiencia axeitados para acometer, con garantías de éxito, a execución do contrato.



Esta necesidade de solvencia indicárase no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallárase nos pregos, de xeito que os criterios estean perfectamente determinados conforme aos referenciados na propia Lei, e relacionados co importe e obxecto do contrato.

10. Criterios de adxudicación do contrato:

a. Pluralidade de criterios:

SI: Mellor relación calidade-prezo SI: Mellor relación custe-eficacia NON

De acordo co establecido nos artigos 131 e 145 da LCSP, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios baseados no principio da mellor relación calidade-prezo, e que se inclúen no prego de cláusulas administrativas particulares, e que se xustifican a continuación:

-RACIONALIDADE, ADECUACIÓN E VIABILIDADE DA PROGRAMACIÓN DOS SERVICIOS PROPOSTOS.

Con este criterio poderá avaliarse e comprobar a coherencia do programa e os prazos previstos para cada unha das operacións incluídas no obxecto do contrato, así como a periodicidade dos servizos que o requiran, e a secuencia de execución de tarefas propostas e seu número ó obxecto que se executen as previstas.

-CALIDADE DA METODOLOXÍA PROPOSTA OU, NO SEU CASO, MEMORIA EN RELACIÓN CÓS TRABALLOS OBXECTO DE LICITACIÓN, NA QUE SE DESCRIBIRÁ PORMENORIZÁDEMETE AS FASES E FORMA DE EXECUCIÓN DOS MESMOS

Poderase analizar a metodoloxía proposta dos traballos e comprobar o coñecemento das actividades a realizar, en coherencia cos medios propostos, os prazos ofertados e as inversións realizadas

-MELLORA: Inspección autónoma da rede de estradas a conservar.

Permitira ter un informe anual exhaustivo coas incidencias na sinalización, irregularidades, fisuras, gretas nas estradas, así como un mapa coa súa localización e vídeos. O que permitirá a súa detección e analizar as mellores solución

b. Fórmula:

Establécese nos pregos.

c. Xustificación da fórmula:

A elección da fórmula ven motivada por considerar que garante a selección da oferta economicamente máis vantaxosa tal e como se establece no artigo 1 LCSP. Esta fórmula incentiva ás empresas licitadoras a propor a mellor baixa posible para tentar que dita baixa sexa superior á baixa media de todas as presentadas (bm), establecendo para iso dous tramos (un para as baixas que son inferiores ou iguais á baixa media, e outro para as baixas superiores a dita baixa media) nos cales as elasticidades das puntuacións presentan diferentes comportamentos de forma gradual, obtendo unha maior puntuación e de forma progresiva aquelas baixas que son superiores á baixa media.

Valores anormais



Considérase que unicamente o criterio do prezo é o determinante para establecer o parámetro obxectivo que permita identificar o valor anormal da oferta, xa que o resto de criterios automáticos non teñen a incidencia suficiente para determinar a viabilidade da oferta, tal como se recolle na providencia de inicio.

11. Medios que debe adscribir como mínimo:

Medios persoais e materiais

- 1 Delegado do Contratista. Deberá ter unha experiencia mínima de 4 anos en contratos de características similares.
- 1 Xefe COEX, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 4 anos en contratos de características similares.
- 1 Encargado xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 4 anos en contratos de características similares.
- 1 Administrativo

12. Outras indicacións:

a. Redacción dos pregos:

Deberanse redactar uns pregos, que poderán incluír cales queira pactos, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, tendo en conta que o contrato non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigacións para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, no seu caso, no xeito que resulte da proposición do adxudicatario.

b. Preparación do expediente:

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, de conformidade co establecido no artigo 116 LCSP. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que vaian a rexer o contrato, o certificado da existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención. Completado o expediente, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobándoo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. A devandita resolución implicará tamén a aprobación do gasto, e deberá publicarse no perfil do contratante.

c. Inicio da licitación:

Publicarase un anuncio de licitación, segundo o establecido no artigo 135 LCSP, no que se indicará o prazo aprobado polo órgano de contratación para a presentación de ofertas ou solicitudes de participación, segundo corresponda, que en todo caso deberá respectar os seguintes prazos mínimos:

- PROCEDIMENTO ABERTO NON SARA: 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En obras, concesión de obras e concesión de servizos: 26 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDIMENTO ABERTO SARA: En obras, subministracións e servizos, 35 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea. Dito prazo poderá reducirse a 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de



Publicacións da Unión Europea, de conformidade co artigo 156.3.c) LCSP, dado que a presentación de ofertas se realiza por medios electrónicos.

En concesión de obras e concesión de servizos: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

- PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO: 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En obras, 20 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (Artigo 159.6 LCSP): 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante. En compras correntes de bens dispoñibles no mercado, 5 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.
- PROCEDEMENTOS RESTRINXIDO, LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN E DIÁLOGO COMPETITIVO NON SARA: 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación.
- PROCEDEMENTOS RESTRINXIDO, LICITACIÓN CON NEGOCIACIÓN E DIÁLOGO COMPETITIVO SARA: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- PROCEDEMENTO ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN NON SARA: 20 días naturais, contados desde a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.
- PROCEDEMENTO ASOCIACIÓN PARA A INNOVACIÓN SARA: 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación.
- PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE: Neste procedemento non se realizará anuncio de licitación previa. Os prazos mínimos para a presentación de ofertas serán de 10 días naturais, a contar desde o envío da invitación.

d. Publicidade:

- Perfil do contratante. Coa finalidade de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, a Deputación de Pontevedra publicará todas as noticias, avisos e documentación relativa aos seus procedementos de contratación no seu perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

Nos procedementos negociados sen publicidade publicarase a adxudicación e formalización do contrato no Perfil do contratante.

- Diario Oficial da Unión Europea.
- Outros: VORTAL

O que se informa aos efectos oportunos.



(Documento asinado electronicamente).

